



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

# Programación Repentización – Guitarra 2023-24



## Índice

<b>1.</b>	<b>Introdución .....</b>	<b>4</b>
1.1	Presentación e xustificación .....	4
1.2	A quen vai dirixida .....	4
1.2.1	Xeneralidades.....	4
1.2.2	Coñecementos previos .....	4
1.3	Relacións cos estudos de réxime xeral .....	5
1.4	Relacións interdisciplinaís.....	6
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía .....</b>	<b>8</b>
	Organización do tempo e do espazo.....	8
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade.....</b>	<b>8</b>
3.1	Nas actividades de clase .....	8
3.2	Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo .....	9
<b>4.</b>	<b>Temas transversais.....</b>	<b>10</b>
4.1	Educación en valores .....	12
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	13
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....</b>	<b>13</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso .....</b>	<b>14</b>
6.1	Curso:5º Grao.....	14
7.1.1	Obxectivos .....	14
6.1.2	Contidos.....	14
6.1.3	Avaliación .....	18
6.1.3.1	Criterios de avaliación.....	19
6.1.3.2	Mínimos esixibles.....	20
6.1.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	21
6.1.3.4	Criterios de cualificación .....	21
6.1.3.4.1	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	21
6.1.3.4.2	Medidas de recuperación.....	22
	* Procedementos de recuperación ordinarios .....	22
	* Probas extraordinarias de xuño.....	22
6.1.4	Recursos didácticos.....	23
6.2	Curso: 6º Grao Profesional.....	24
6.2.1	Obxectivos .....	24
6.2.2	Contidos.....	24
6.2.3	Avaliación .....	29
6.2.3.1	Criterios de avaliación.....	30
6.2.3.2	Mínimos esixibles.....	30
6.2.3.3	Procedementos e ferramentas de avaliación .....	31



6.2.3.4	Criterios de cualificación .....	31
6.2.3.4.1	Medidas de recuperación.....	32
*	Procedementos de recuperación ordinarios .....	32
*	Probas extraordinarias de xuño.....	33
6.2.4	Recursos didácticos.....	33
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica .....</b>	<b>34</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>35</b>
	ANEXOS .....	37
	PROBA DE ACCESO A 6º G.P.....	37

## 1. **Introdución**

---

### 1.1 **Presentación e xustificación**

Tanto pola existencia dunha práctica histórica amplamente documentada -na cal os instrumentos de corda pulsada, dende o Renacemento ata os nosos días amósanse con personalidade propia no arte do acompañamento- como polas características do noso instrumento -dunha banda de considerables posibilidades no terreo harmónico e rítmico que compre coñecer ben a fondo, pola outra banda difícil de abordar sen un estudo previo minucioso no terreo do técnico- é perfectamente comprensible que a ensinanza das disciplinas que comprende quede en mans de especialistas que coñecen a fondo as características do instrumento, tanto a nivel técnico como musical.

Esta materia a súa vez ten un gran valor educativo que se deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc...) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo.

### 1.2 **A quen vai dirixida**

#### 1.2.1 **Xeneralidades**

Está dirixida ós alumnos de 5º e 6º do grao profesional da especialidade de guitarra.

#### 1.2.2 **Coñecementos previos**

Os alumnos que cursan esta materia xa teñen certas destrezas técnicas no seu instrumento por estaren nos últimos cursos do grao profesional. Tamén tiveron contacto coa harmonía (a

través dos últimos cursos de Linguaxe Musical e a materia de harmonía propiamente dita; tamén coa posibilidade de cursar análise o fundamentos de composición).

Por todo o dito, os alumnos atópanse nun momento axeitado para afrontar esta materia.

### **1.3 Relacións cos estudos de réxime xeral**

As ensinanzas musicais de réxime especial do grao profesional están organizadas en un ciclo de seis anos. Deste xeito, o grao elemental coincide no seu final co fin da educación primaria e o grao profesional coincide coa educación secundaria (ESO e Bacharelato).

O sistema educativo aconsella que as ensinanzas musicais estean conectadas coas ensinanzas xerais do sistema educativo e que se organicen coa flexibilidade e especificidade que compre para atender as súas particularidades e propor diferentes graos de profesionais. Desde esta materia, e tendo en conta o esforzo que a simultaneidade de ambos estudos implica sobre todo nos últimos anos, facilitaráselles ós alumnos na medida do posible a compatibilidade cos ditos estudos.

#### 1.4 Relacións interdisciplinares:

A ensinanza da repentización e acompañamento está relacionada con outras materias do currículo e que contribúen á consecución dos obxectivos xerais do grao profesional:

Linguaxe musical	<p>A práctica musical que o alumnado realiza neste nivel e a súa actividade de conxunto estanlles xa poñendo en contacto cunha literatura musical rica, ampla e complexa de diferentes épocas e estilos. A linguaxe musical debe desvelarlles todos os conceptos e facilitarlles a tarefa de realizar, analizar, comprender e aprender canto as obras significan. Por outra banda, proporciona a comprensión dos elementos e regras que o forman proporcionando así ó alumnado a capacidade de expresarse musicalmente, a través da improvisación, a interpretación ou a creación de pequenas obras.</p>
Harmonía	<p>Subministra un coñecemento profundo do sistema tonal, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compoñen. Paso a paso descubre ó alumnado o que xa sabe sen saber que o sabe, pois este xa ten contacto cunha práctica e repertorio baseados no predominio case absoluto de músicas compostas consonte os sistema tonal, prioritario na súa educación e na súa formación nesta etapa dos estudos musicais.</p>
Análise	<p>Subministra o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, proporciona unha serie de ferramentas metodolóxicas que permiten afrontar a análise desde todos os puntos de vista que poidan ser relevantes, como é o interpretativo.</p>



Historia da	<p>Descubre ó alumnado a existencia dun amplo espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical desde un marcado enfoque práctico e utilitario. Facilitaralle a súa interpretación, xa que a partitura se reviste dunha nova dimensión, o que permite unha perfecta situación temporal, cultural e estilística.</p>
Instrumento	<p>Xunto co Linguaxe, o instrumento é o eixe fundamental e paralelo e conforman a columna vertebral do currículo pois aportan os principais medios necesarios para facer música.</p>
Conxunto	<p>Constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias incluíndo as habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade e para reforzar as actividades de grupo e propiciar a responsabilidade compartida; ademais permite percorrer o repertorio para diversas formacións, de diferentes épocas ou estilos</p>
Piano complementario	<p>A guitarra, instrumento cunhas posibilidades polifónicas sensiblemente limitadas polo feito de que a man esquerda se vexa reducida á función de fixar a entoación das notas, quedando así privada practicamente de toda outra capacidade de realización, pódese beneficiar deste traballo simultáneo nun instrumento que lle permita o acceso a uns horizontes polifónicos de maior amplitude.</p>

## 2. Metodoloxía

---

### Organización do tempo e do espazo

As clases desta materia se impartirán nun aula asignada pola dirección do Conservatorio a principios de curso en función da súa disposición e terán unha duración de media hora semanal.

De xeito orientativo e sempre en función das necesidades dos propios alumnos, establécense os seguintes tempos para o traballo en clase. A clase será de media hora de duración á semana:

- a. Acompañamento: 10´.
- b. Baixo continuo: 10´.
- c. Lectura a vista, transporte ou teoría: 10´.

As materias incluídas dentro de cada un destes puntos se alternarán debidamente co fin de cubrir os aspectos previstos nesta programación. Do mesmo xeito, en cada sesión poderase dedicar máis ou menos tempo a cada un dos apartados en función das necesidades do alumnado.

## 3. Atención á diversidade

---

### 3.1 Nas actividades de clase

O obxectivo da educación musical nos Conservatorios é ofrecer unha ensinanza na que calquen cidadán pode acceder segundo a igualdade de oportunidades que caracteriza o ensino en España. A diversidade é un feito humano polo que o ensino debe poder ofrecer a cada alumno/a a diversificación metodolóxica que necesite e



ofertando respostas diferenciadas segundo a diversidade dos receptores (atención específica).

Os ámbitos nos que se manifesta a diversidade son moitos: diferente desenvolvemento, idade, capacidade de aprender, motivación, coñecementos previos o intereses. O currículo contempla que sexan os profesores os que concreten as intencións educativas o que garantirá eficacia e calidade. A atención á diversidade comezará pola observación das actividades cotiás programadas, para obter información sobre a maneira no que se manifesta o alumno e establecer as súas aptitudes e/ou carezas e actuar en consecuencia. Deste xeito se poderán prever dificultades e/ou dar o reforzo e apoio educativo que sexa necesario durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Algunhas destas actuacións que se contemplan nesta Programación son:

- actividades de ensinanza e aprendizaxe de diferente tipo e con diferentes graos de dificultade, tanto de reforzo coma de ampliación.
- Selección do material didáctica e adaptación da comunicación co alumnado.
- Nas clase colectivas: diferente agrupamento do alumnado e tarefas de diferente dificultade.
- Adaptacións metodolóxicas.
- Organización flexible do traballo ante ritmos diferentes de aprendizaxe.

Deste xeito o profesor manterá unha mentalidade aberta e intentará amolarse á diversidade coa que se poda atopar.

### **3.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares deberán cumprir as disposicións vixentes en

materia de promoción da accesibilidade o adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela. A Consellería adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no Decreto.

## 4. Temas transversais

---

A inclusión de temas transversais nos diferentes sistemas educativos responde á necesidade de levar ó terreo educativo toda unha serie de medidas xurdidas a partir dunha serie de preocupacións comúns ante os efectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico e cultural nas sociedades máis avanzadas, que teñen que ver ca saúde, o medio ambiente, os conflitos armados, o racismo, a discriminación, etc. e que atañen non só o desenvolvemento de cada unha delas, senón tamén ó da totalidade da humanidade.

Deste xeito, a interpretación musical, no noso caso, é a meta e, como tal, implica o desenrolo da personalidade e a sensibilidade, xa que a música é un vehículo de emocións.

A audición, repetición de exercicios, visualización de DVD's... dará lugar a un diálogo - debate entre profesor e alumnos, co cal poderemos potenciar o respecto, a crítica (á vez ca autocrítica)...

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

Nas clases deberá existir un clima de distensión e relaxación, para favorecer as verdadeiras características do alumno. É importante, a súa vez, que exista unha interrelación entre os diferentes alumnos; toda esta relación repercutirá posteriormente nunha mellor interpretación en conxunto, existindo unha maior complicidade entre eles.

Os temas transversais aplicados a materia adecuaríanse do seguinte xeito:

<b>Educación para a Convivencia</b>	– Fomentar o diálogo como xeito de solución de diferenzas, por medio de intervencións dos alumnos en aspectos de dixitación, interpretación...
<b>Educación para a Saúde</b>	– Coidar os hábitos de saúde postural na aula, así como os de relaxación, respiración.
<b>Educación para a Paz</b>	– Analizar obras cun fin de integración entre pobos, fomento da paz, tolerancia e convivencia entre pobos. – Apreciar e valorar a diversidade cultural, estética, musical... dos diferentes lugares do mundo como mostra de convivencia entre pobos programando obras de autores de diferentes nacionalidades.
<b>Educación para a igualdade entre sexos</b>	– Analizar na historia da Música, o traballo de compositoras valorar especialmente a súa obra e recoñecer situacións de discriminación por razón de sexo en relación cos compositores das mesmas épocas. – Reflexionar e sacar consecuencias das situacións observadas para evitar a discriminación.
<b>Educación ambiental</b>	- Deducir a influencia do Universo, natureza... en todo os seus sentidos, nos compositores á hora de compoñer obras.

	- Valorar a importancia dun consumo responsable do material e enerxías para protexer a natureza.
<b>Educación para Europa</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Analizar a evolución da música para guitarra feita en Europa.</li> <li>– Valorar a legado europeo no pensamento, na cultura e na música.</li> </ul>
<b>Educación multicultural</b>	– Espertar o interese pola cultura que os diferentes países e os seus pobos desenvolveron, legaron i evolucionaron, subliñando as súas diferenzas e semellanzas con outras culturas, desenvolvendo así actitudes de respecto por outros pobos.

#### 4.1 Educación en valores

O ensino enténdese como un factor de estabilidade social máis de progreso e é a sociedade a encargada de xestiona-la, buscando o desenvolvemento persoal e integral dos alumnos/as ás veces que a materialización dun proxecto de sociedade máis libre e pacífica, respectuosa coas persoas e co entorno.

Existen unha serie de contidos moi demandados pola sociedade e que, en consecuencia, deben estar contemplados na educación. Son contidos moi valiosos que responden a un proxecto concreto de educación e de sociedade e que, por conseguinte, están plenamente xustificados no marco social no que a educación desenvólvese. A súa presenza e integración na práctica docente dota de coherencia e solidez ós currículos de todo o sistema educativo e imprégna-lo todo, sobre todo de actitudes y valores, ligados a unha dimensión ética que nos lembra a esencia social do ser humano.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan

## 5. **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

O Conservatorio dispón dunha biblioteca para o uso do material que nela atópase dentro dun horario que é exposto ó público.

Desde a Coordinación de biblioteca e os propios docentes da especialidade organizaranse actividades cos alumnos que teñan como obxectivos:

- coñecer as normas de uso da biblioteca.
- coñecer os servizos que poden obter (préstamo de libros ou material audiovisual, audición e/ou visión de gravacións, busca de libros, utilización dos libros de consulta, utilización da biblioteca como sala de lectura)

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso:5º Grao

#### 7.1.1 Obxectivos

- a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- c) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- d) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- e) Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- f) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

#### 6.1.2 **Contidos**

O conxunto de coñecementos que integran esta disciplina debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques como son o estudo da improvisación, a práctica da repentización e a destreza na transposición e realización de cifrados.

Desde xeito, nos contidos básicos desde disciplina concédese un lugar prioritario aos procedementos, que artículanse en torno a tres eixes principais:

- Unha certa destreza na técnica de execución.

- Plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos.
- Capacidade creativa para desenvovelos e aplicalos en situacións diversas.

Os diferentes bloques contemplados son:

a) Repentización:

- A lectura á vista e a súa aplicación práctica.
- Introducción á lectura harmónica.
- Análise harmónico-formal, melódico-rítmico aplicado á repentización.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.

b) Transposición

- O transporte na música actual.
- O transporte como desenvolvemento formativo da capacidades e reflexos.
- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade.
- Os instrumentos transpositores.
- Lectura e transporte harmónico de partituras.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade..

c) Baixo cifrado

- Aproximación ao cifrado harmónico.

- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a triadas e sétimas na harmonía tonal.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.
- Introducción ao cifrado americano.
- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música “lixreira”.
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

Os contidos para 5º de Grao Profesional:

a) Baixo continuo:

- Lectura en clave de Fa en 4ª. Cifrados.
- Acordes en estado fundamental: acordes en primeira posición. Acordes con cella. Posicións “propias”.
- Práctica de progresións harmónicas empregando os graos I, IV e V en estado fundamental. (Traballo en tódalas tonalidades).
- Acordes de 7ª de dominante en estado fundamental con súa resolución.
- O subliñado. Combinacións dos acordes en “posición propia” correspondentes ao modo maior con os do modo menor (só Do M – La m). Introducción aos acordes en 1º inversión.

b) Acompañamento harmónico en diferentes estilos:

- Acompañamento no clasicismo (S.XVIII): análise e práctica das formas de escritura, funcións tonais y figuracións rítmicas.
- Acompañamento na música popular: funciones tonais.
- Harmonización de melodías populares.

c) Lectura a primeira vista:



- Metodoloxía. Composición e execución de exercicios. Lectura por cuádruplos (“Método Dogson”). Lectura en clave de Sol en segunda, oitava real.

d) Transporte:

- Transporte escrito. Análise previo como principio metodolóxico.
- Transporte a distancia de 3ª M y m, ascendente e descendente. Lectura instrumental en claves de Do en 1ª e Fa en 4ª.

Secuenciación por trimestres:

1er. trimestre:

- Repaso de elementos teóricos: Tonalidade, modos M e m, formación de acordes, funciones tonais, Cifrados da harmonía, etc.
- Baixo continuo: Lectura en clave de Fa en 4ª (oitavas alta e baixa). Acordes en primeira posición: Tonalidades de La, Re e Mi en ambos modos. Progresións harmónicas sobre os graos I, IV e V en ambos modos.
- Acompañamento: Formación de triadas e acordes en estado fundamental sobre as escalas maiores e menores.
- Transporte: Escrito. Transporte de 3ª M e m ascendente (6ª m e M descendente) no instrumento. Lectura en clave de Fa en 4ª aplicada ó transporte.
- Lectura a vista: Lectura melódica e con baixos ó aire en primeira posición en tonalidades con ata tres sostendes e un bemol.

2º trimestre:

- Baixo continuo: “Transporte” de posturas básicas con cella (é dicir, práctica en tonalidades distintas a Fa M e m ou La M e m). Perfeccionamento da lectura en clave

de Fa en 4ª co instrumento. O acorde de sétima de dominante. Resto de “posicións propias” en ambos modos. Progresións harmónicas sobre os graos I, IV y V (o V con o sen sétima), en ambos modos.

- Acompañamento: traballo de progresións e cadencias sinxelas en calquera tonalidade. Análise e práctica de obras con acompañamento de guitarra do período Clásico. Harmonización de melodías sinxelas de carácter popular, nos modos M y m.
- Lectura a 1ª vista: V posición (con melodías) e I (melodías con baixos pisados e ó aire). Tonalidades ata catro sostendes e dos bemois.
- Transporte de 3ª M y m descendente. Lectura en clave de Do en 1ª.

### 3er. trimestre:

- Baixo continuo: Práctica e afianzamento dos contidos estudados ata agora. Combinacións dos acordes en “posición propia” correspondentes ó modo maior cos do modo menor, (soamente tonalidades de Do M e la m). O subliñado. Iniciación ó emprego de acordes en primeira inversión.
- Acompañamento: Afianzamento da práctica anterior.
- Transporte: repaso e afianzamento dos conceptos anteriormente practicados.
- Lectura a 1ª vista: posicións I, III e V en contextos melódicos e melodías acompañadas con baixos ó aire ou pisados.

### 6.1.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que aporta a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia

#### **6.1.3.1 Criterios de avaliación**

- a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.

- c) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- d) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- e) Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- f) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

#### 6.1.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o 5º curso de repentización e acompañamento ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado o 75% dos contidos do curso:

- Análise da estrutura harmónica interna de fragmentos de partituras.
- Realización práctica de estruturas harmónicas con diferentes formulacións rítmicas empregando I, IV e V graos en primeira posición, a sétima de dominante.
- Realización práctica de estruturas semicadenciais ou de cadencia perfecta.
- Mecanización e progresiva asimilación da comprensión teórica e práctica dos exercicios.
- Continuidade na realización dos exercicios.
- Disposición positiva e aberta ante os exercicios teórico-prácticos.
- Transposición a distancia de 3ª M ou m (ascendente ou descendente) dunha estrutura melódica de oito compases. Lectura en Do en 1ª e Fa en 4ª.
- Lectura a 1ª vista segundo o Método Dogson dunha pasaxe de oito compases en posición I, III, V. Tonalidades hasta 4 sostidos e 2 bemois.

### 6.1.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

- Consecución na distribución temporal da materia.
- Resolución das tarefas encomendadas.
- Desenvolvemento das competencias en cada un dos bloques temáticos dos contidos: repentización, transposición e baixo cifrado.

### 6.1.3.4 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 5º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

<b>Bloque improvisación e repentización</b>	50%
<b>Bloque transposición e baixo cifrado</b>	50%

Os resultados da avaliación dos alumnos de 5º de Repentización Grao Profesional, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

#### 6.1.3.4.1 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo.

Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

#### 6.1.3.4.2 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

###### Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno deberá realizar tres exercicios onde amose o dominio dos contidos mínimos esixibles:

- a) Realización dunha pequena estrutura harmónica duns oito compases.
- b) Un exercicio de lectura a primeira vista.
- c) Un transporte de 3ª M ou m (ascendente ou descendente).

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 5º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

Bloque de repentización 50%

Bloque transposición e baixo cifrado 50%

###### Recuperación durante o curso:

Ao tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.

##### Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se

levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria de xuño serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación entregado en maio xunto co boletín de notas.

En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimo esixidos para o curso no que se presenta.

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 5º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

Bloque de repentización 50%

Bloque transposición e baixo cifrado 50%

#### **6.1.4 Recursos didácticos**

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, reposapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

O material traballado durante o curso (lecturas a primeira vista, estruturas harmónicas, etc...) será aportado polo profesor en función das necesidades e evolución do alumno. Traballarase o libro de Dogson e Quine “*Progressive reading for guitarists*”, Ed. Ricordi para o apartado de lectura por cuádruplos.

## 6.2 Curso: 6º Grao Profesional

### 6.2.1 Obxectivos

- a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- c) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc, para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- d) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- e) Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- f) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

### 6.2.2 Contidos

O conxunto de coñecementos que integran esta disciplina debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques como son o estudo da improvisación, a práctica da repentización e a destreza na transposición e realización de cifrados.

Desde xeito, nos contidos básicos desde disciplina concédese un lugar prioritario aos procedementos, que artículanse en torno a tres eixes principais:

- Unha certa destreza na técnica de execución.
- Plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos.
- Capacidade creativa para desenvolvelos e aplicalos en situacións diversas.



Os diferentes bloques contemplados son:

a) Repentización

- A lectura á vista e a súa aplicación práctica.
- Introducción á lectura harmónica.
- Análise harmónico-formal, melódico-rítmico aplicado á repentización.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas.
- Repentización con carácter de acompañante ou non.

b) Transposición

- O transporte na música actual.
- O transporte como desenvolvemento formativo da capacidades e reflexos.
- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade.
- Os instrumentos transpositores.
- Lectura e transporte harmónico de partituras.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.

c) Baixo cifrado

- Aproximación ao cifrado harmónico
- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a triadas e sétimas na harmonía tonal.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.
- Introducción ao cifrado americano.

- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música “lixreira”.
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.

Os contidos para 6º de Grao Profesional son:

a) Baixo continuo:

- Repaso e afianzamento das técnicas aprendidas no curso anterior a través de pezas da época.
- Estilo de acompañamento rasgueado. Introducción ó alfabeto e á tabulatura de rasgueado
- Acordes en primeira inversión: práctica de progresións harmónicas empregando os graos I, IV e V en estado fundamental e na 1ª inversión e tamén en combinación cos graos II e VI en 1ª inversión. Outras inversións do acorde de sétima de dominante: Inclusión nas progresións anteriormente mencionadas Práctica dos fabordóns en calquera tonalidade. Cadencia fríxia. Acordes de 7ª sobre graos distintos ó quinto.
- Introducción ó emprego de acordes en segunda Inversión.
- Práctica dos retardos.
- Introducción aos baixos sen cifrar: Regra da oitava. Movementos do baixo.

b) Acompañamento harmónico en diferentes estilos:

Acompañamento na música moderna: Acordes cuatriada: formación, cifrado americano e dicitacións máis comúns. Estudo e escritura de baixos para temas estándar de jazz. Funcións tonais dos diferentes acordes de 7ª nos modos M y m. Introducción ó concepto de continuidade harmónica. Redución e ampliación dos cifrados.

c) Lectura a primeira vista:

- Lectura por cuádruplos (“Método Dogson”). Posicións 7ª e 9ª. Lectura polifónica. Lectura a primeira vista de cifrados americanos.

d) Transporte:

- Transporte a distancia de 2ª M y m ascendente y descendente.
- Lectura instrumental en claves de Do en 3ª e Do en 4ª.
- Transporte de baixo cifrado (iniciación).
- Transporte de estruturas harmónicas escritas en notación o cifradas (cifrado americano).

Secuenciación por trimestres:

1er. trimestre:

- Repaso dos elementos teóricos e prácticos estudados no curso anterior.
- Baixo continuo: Repaso dos acordes en primeira posición en tódalas tonalidades. Uso dos acordes en primeira inversión: Práctica de fabordóns (serie de sextas) Cadencia frixia. Introducción ó estilo de acompañamento rasgueado.
- Acompañamento. Formación de acordes tríada. Cifrado americano. Progresións e cadencias en calquera tonalidade sobre os grados I, IV e V, utilizando as posicións guitarrísticas máis comúns. Escritura de baixos.
- Transporte: Introducción ó transporte de 2ª M e m ascendente. Lectura en clave de do en 3ª. Introducción ó transporte de segunda M e m descendente. Lectura de clave de Do en 4ª.
- Lectura á vista: Escritura e práctica coa guitarra de exercicios en sétima posición (pode tomarse como base unha dixitación “tipo” da escala de Do M en dos oitavas

comezando na sexta corda). Lectura de pezas de nivel intermedio a dous voces.  
Lectura á primeira vista de exercicios o pezas escritas con cifrado americano.

### 2º trimestre:

- Baixo continuo: Práctica de progresións harmónicas que teñan acordes en estado fundamental e 1ª inversión. Outras inversións do acorde de sétima de Dominante. Práctica de fabordóns en calquera tonalidade.
- Acompañamento: traballo de progresións e cadencias sinxelas en calquera tonalidade. Harmonización de melodías, en modos M e m (en figuración de arpejos ou pulsando simultaneamente de maneira selectiva). Ampliación e redución de cifrados (cifrado americano). Introducción ós principios de continuidade harmónica aplicado ás dixitacións de acordes estudadas ata agora.
- Introducción ó transporte de pezas en cifrado americano e ó baixo continuo.
- Lectura a 1º vista: afianzamento da lectura en posición 7ª con introdución de notas no diatónicas. Exercicios melódicos na citada posición. Introducción á lectura polifónica.

### 3er. trimestre:

- Baixo continuo: Acordes de sétima sobre outros graos distintos ó quinto. Acordes en 2ª inversión. Retardos. Introducción ó baixo sen cifrar.
- Acompañamento: Afianzamento da práctica anterior.
- Transporte: afianzamento e repaso dos transportes ata agora estudados. Transporte de calquera estrutura harmónica escrita co sistema de Baixo cifrado ou en notación completa do acorde.
- Lectura a 1ª vista: en posicións 7ª e 9ª, con notas simultáneas, cromáticas e extensións fora do cuádruplo. Lectura polifónica.

### 6.2.3 Avaliación

A finalidade da avaliación é a de valorar o nivel de desenvolvemento das capacidades de expresión artística e musical, ademais de garantir a axeitada cualificación destas ensinanzas, polo que valoraremos o “desenvolvemento das capacidades” tendo en conta todos os factores que caractericen ao alumno e garantir así a axeitada cualificación.

Haberá unha avaliación inicial, a coincidir ca/s primeira/s clases, necesaria para que o profesor coñeza a situación do alumno ó principio do proceso de aprendizaxe e unha avaliación final en xuño na que se terá en conta os obxectivos alcanzados ó longo de todo o curso.

O nivel de cumprimento destes elementos curriculares non se medirá de xeito mecánico, senón, flexible, tendo moi en conta as características persoais do alumno como a idade, estudos, aspiracións, aptitudes ou situación persoal. A información que suministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica polo que debe levarse a cabo de xeito continuo e personalizado, aportándolles información ao alumno e a súa familia, sobre o desenvolvemento respecto das súas posibilidades. É aquí onde o Plan de Atención á Diversidade toma un papel moi destacado, xa que deberemos actuar tanto cando o progreso non sexa o axeitado, -adoptando as medidas oportunas dirixidas a garantir a adquisición de aprendizaxes imprescindibles para favorecer a consecución dos obxectivos de cada curso-, como cando o progreso sexa superior ao esperado, tomando medidas para que o alumno continúe ampliando coñecementos e non se desmotive o que supón non evolucionar.

A avaliación do aprendizaxe do alumno, que será continua e integradora, será realizada polo equipo docente do alumno coordinado polo profesor-titor. Ditos profesores actuarán de xeito

integrado ao longo do proceso de avaliación para tomar decisións que deberán ser coñecidas en todo momento tanto polo alumno como pola súa familia

### 6.2.3.1 Criterios de avaliación

- a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- c) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura a primeira vista.
- d) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- e) Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- f) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

### 6.2.3.2 Mínimos esixibles

Para poder ter superado o 6º curso de repentización e acompañamento ca mínima cualificación posible será necesario ter acadado o 75% dos contidos do curso:

- Análise da estrutura harmónica interna de fragmentos de partituras.
- Realización práctica de estruturas harmónica con diferentes formulacións rítmicas empregando I, IV e V graos en primeiras e segundas inversións, sétima de dominante e as súas inversións, apoios e retardos, dominantes secundarias ou de paso.
- Realización práctica de estruturas semicadenciais ou de cadencia perfecta

- Mecanización e progresiva asimilación da comprensión teórica e práctica dos exercicios.
- Continuidade na realización dos exercicios
- Disposición positiva e aberta ante os exercicios teórico-prácticos
- Lectura de partituras orquestais.
- Transposición a distancia de 2ª M ou m (ascendente ou descendente) dunha estrutura melódica de oito compases. Lectura de Do en 4ª e 3ª.
- Lectura a 1ª vista segundo o Método Dogson en posicións VII e IX dunha pasaxe de oito compases. Lectura polifónica.

#### 6.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

- Consecución na distribución temporal da materia.
- Resolución das tarefas encomendadas.
- Desenvolvemento das competencias en cada un dos bloques temáticos dos contidos: repentización, transposición e baixo cifrado.

#### 6.2.3.4 Criterios de cualificación

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 6º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

<b>Bloque improvisación e repentización</b>	50%
<b>Bloque transposición e baixo cifrado</b>	50%

Os resultados da avaliación dos alumnos de 6º de Repentización Grao Profesional, se representarán con cualificacións en termos de 1 a 10 considerándose cualificación positiva 5 o máis de 5.

#### **6.2.3.4.1 Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

###### Proba obxectiva de avaliación fin de curso:

O alumno deberá realizar tres exercicios onde amose o dominio dos contidos mínimos esixibles:

- a) Realización dunha pequena estrutura harmónica (uns oito compases).
- b) Un exercicio de lectura a primeira vista.
- c) Un transporte de 2ª M ou m (ascendente ou descendente).

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 6º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

Bloque repentización      50%

Bloque transposición e baixo cifrado      50%

###### Recuperación durante o curso:

Ao tratarse dunha avaliación continua as actividades de recuperación serán as mesmas que as actividades de avaliación pero incidindo e aplicadas ós contidos que estean pendentes de recuperación. A recuperación faise ó longo de todo o curso, reforzando as actividades en aqueles puntos nos que o/a alumno/a presente maior dificultade, servindo desde xeito a propia actividade como instrumento de avaliación.



No caso de que un/unha alumno/a teña pendende a materia de repentización de 5º G.P. deberá recuperala no curso, pero non se comezarán cos novos obxectivos ata que non se acaden os do curso anterior. Nese momento, darase por recuperada a materia pendente.

### **Probas extraordinarias de xuño**

Os alumnos que non superen a materia ao final do terceiro trimestre poderán facelo mediante a realización dunha proba extraordinaria que terá lugar no mes de xuño e que se levará a cabo no lugar e nas datas determinadas polo Centro para tal efecto. Ditas datas e lugares serán publicadas no taboleiro de anuncios do Conservatorio.

Os contidos de dita proba extraordinaria de xuño serán notificados ao alumno no seu correspondente informe negativo de avaliación entregado en maio xunto co boletín de notas.

En calquera caso o alumno deberá amosar haber superado os elementos curriculares mínimo esixidos para o curso no que se presenta.

A porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o 6º de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

Bloque repentización      50%

Bloque transposición e baixo cifrado      50%

### **6.2.4 Recursos didácticos**

A aula debe estar dotada de espello, cadeiras (sen pala), atrás, reposapés, mesa, armario, perchas e papeleira. O centro dispón de equipo de son polo que o profesor que o necesite pode solicita-lo.

O material traballado durante o curso (lecturas a primeira vista, estruturas armónicas, etc...) será aportado polo profesor en función das necesidades e evolución do alumno. Traballarase

o libro de Dogson e Quine “*Progressive reading for guitarists*”, Ed. Ricordi para o apartado de lectura por cuádruplos.

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A programación deberá ser avaliada ao igual que avaliamos aos nosos alumnos. Para iso, aproveitando a avaliación inicial dos alumnos, tomaremos conclusións que poderán ser determinantes á hora de facer os axustes que sexan necesarios. Con posterioridade, rematados os trimestres e ao carón dos resultados dos alumnos en cada sesión de avaliación, analizaremos e observaremos as posibles adaptacións ou correccións que poderán facerse para a programación do vindeiro curso, por exemplo se estiveron ben repartidos os contidos por trimestres, se as actividades funcionaron como é desexable, ou se foi eficaz o repertorio elixido.

Tamén, mediante cuestionarios os alumnos poderán participar na avaliación da programación, seguindo a súa percepción, atendendo a preguntas como se che pareceron interesantes as actividades ou se o aprendizaxe foi ameno ou aburrido.

A avaliación da programación basearase nos seguintes criterios para establecer en cada curso as melloras necesarias:

- a) Analizar os resultados do alumnado ao remate de cada curso:
  - Se entre o 75% e o 90% do alumnado obtén unha cualificación positiva, a programación considerarase Axeitada
  - Se máis do 90% do alumnado obtén unha cualificación positiva, a programación considerarase Escasa e necesitará dunha revisión do nivel de esixencia.

- Se menos do 75% do alumnado obtén unha cualificación positiva, a programación será Non axeitada e reelaborarase tendo en conta os erros cometidos e a interpretación dos correspondentes currículos.
- b) Comparar a cualificación obtida nas demais materias, tendo como referencia o total do alumnos do curso que superan todas as materias.
- c) Entregar un cuestionario aos alumnos ao final do curso para que, de forma anónima, leven a cabo unha autoavaliación do seu propio proceso de aprendizaxe e realicen a avaliación da práctica docente como receptores da mesma.

De calquera xeito, o seguimento da programación realizarase como mínimo unha vez ao mes nas reunións de Departamento e será un dos puntos do día a tratar.

Ao haberen dous profesores de guitarra que poden impartir esta materia dedicárase especial atención aos procesos de homoxeneización e calibración: os profesores acordaremos os criterios de cualificación de forma conxunta, así como os seus niveis de concreción que quedarán reflectidos na programación didáctica. Do mesmo xeito, se intentarán programar con tempo suficiente as probas de aula e todas aquelas actividades que realicemos desde o departamento para poder poñer en común perspectivas, resultados, axustes e conclusións.

As postas en común poderanse levar a cabo tanto nas reunións departamentais como nas sesións de avaliación.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Aínda que na memoria anual énchese un cuestionario de avaliación da programación e a práctica docente, o profesor autoavaliarase segundo uns parámetros expostos nas plantillas elaboradas para o caso. Nelas quedarán reflectidos aspectos como: se traballáronse todos

os contidos propostos, se a metodoloxía adaptada foi a máis axeitada, se as actividades foron factibles ou se conseguimos que os alumnos aprenderan o que nos formulamos, se as sesións de titorías foron axeitadas en canto a calidade e a cantidade, se tivemos boa sintonía e soubemos conectar cos alumnos ou se soubemos ter recursos cando se produciron eventualidades

## ANEXOS

### PROBA DE ACCESO A 6º G.P.

O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba.

A proba de acceso a 6º G.P. de acompañamento e repentización constará de tres pequenos exercicios de carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación dun pequeno fragmento de catro compases con baixo cifrado para á súa harmonización á guitarra.
- b) Exercicio práctico de lectura a primeira vista dunha pasaxe en posición V ó VII segundo o Método Dogson.
- c) Exercicio práctico de transporte de 3ª M ou m ascendente ou descendente.

A proba valorarase de 0 a 10 e a porcentaxe dos diferentes bloques na cualificación para o acceso a 6º curso de Repentización de Grao Profesional serán os seguintes:

Bloque repentización	50%
Bloque transposición e baixo cifrado:  - transposición 25%  - baixo cifrado 25%	50%

## CONTIDOS

O nivel de referencia para os contidos dos tres exercicios será o correspondente ao 5º curso de repentización e acompañamento. Poden consultarse estes contidos no apartado 6.1.2 desta programación:

a) Baixo continuo:

- Lectura en clave de Fa en 4ª. Cifrados.
- Acordes en estado fundamental: acordes en primeira posición. Acordes con cella. Posicións “propias”.
- Progresións harmónicas empregando os graos I, IV e V en estado fundamental. (Traballo en tódalas tonalidades).
- Acordes de 7ª de dominante en estado fundamental con súa resolución.
- O subliñado. Combinacións dos acordes en “posición propia” correspondentes ao modo maior con os do modo menor (só Do M – La m). Introducción aos acordes en 1º inversión.

d) Lectura a primeira vista:

- Metodoloxía. Composición e execución de exercicios. Lectura por cuádruplos (“Método Dogson”). Lectura en clave de Sol en segunda, oitava real.

e) Transporte:

- Transporte escrito. Análise previo como principio metodolóxico.
- Transporte a distancia de 3ª M y m, ascendente e descendente. Lectura instrumental en claves de Do en 1ª e Fa en 4ª.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- a) Improvisar unha harmonización a partir dun baixo cifrado dado.
- b) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

- c) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- d) Empregar a lectura a vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.